

## **BASES DO CONCURSO PARA A CREACIÓN DUNHA IMAXE CORPORATIVA PARA O *MERCHANDISING* DO XORNAL *O SIL***

O xornal *O Sil* convoca un concurso para a creación do logotipo que haberá de conformar a identidade do *merchandising* da empresa con arreglo ás seguintes

### **BASES**

**1.- PARTICIPANTES:** O concurso está aberto a todas as persoas físicas ou xurídicas de calquera nacionalidade.

**2.- CONTIDO:** Diseño do logotipo e a súa adecuación ou variacións, no seu caso, para reproducilo en:

- Camisetas, camisas, gorras, panos, toallas, etc.
- Pegatinas, bolígrafos, acendedores, pins, etc.
- Paraugas, maletas, mochilas, parasoles, etc.

O logotipo presentado deberá ter en conta a cabecera do xornal *O Sil*, así como o logotipo co que xa conta o mesmo (incluídas as súas cores), podendo ser abstracto ou figurativo. Debe ser orixinal, non publicado nin total nin parcialmente, e que non fora xulgado ou calificado por outro xurado ou tribunal.

**3.- TÉCNICA:** Será libre tendo en conta que o logotipo haberá de ser reproducido posteriormente en distintos soportes e materiais.

**4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN:** O prazo de envío de orixinais abrirase o 20 de marzo e finalizará o 31 de maio de 2008. Éstos remitiranse a:

### **CONCURSO LOGOTIPO MERCHANDISING**

**Xornal *O Sil***

**Apto. de correos 73**

**32300 O Barco de Valdeorras (Ourense)**

**5.- PRESENTACIÓN:** O traballo deberá presentarse en formato dixital (Photoshop, Freehand) cunha resolución mínima de 300 p.p.p. que permita a manipulación dixital. O formato do arquivo será TIFF ou EPS. Incluirase unha copia impresa do mesmo. Deberá poder aplicarse por calquera método mantendo sempre a integridade, aínda en tamaños reducidos ou macroformatos.

Acompañando á imaxe deberá facilitarse en castelán, galego ou inglés:

- Memoria do logotipo, que haberá de conter todos aqueles elementos que a xuízo do creador expliquen ou axuden a comprender a xénese e o significado da obra.
- Ficha técnica do logotipo, tipografía, cores, segundo nomenclatura habitual e medidas que haberá de levar.

Ademais deberán especificarse nome e apelidos do autor ou autores, DNI, dirección completa, teléfono e dirección de correo electrónico.

**6.- PREMIO:** Outorgarase un PREMIO ÚNICO dunha **FIN DE SEMANA + UN TRATAMIENTO DE SPA no Hotel Monumento Pazo do Castro de O Barco de Valdeorras (Ourense, España), en réxime de media pensión** para dúas persoas. Ademais, o logotipo premiado pasará a ser a imaxe do *merchandising* da empresa, e xunto co seu autor serán obxecto de reportaxe nas páxinas do xornal *O Sil*.

**7.- XURADO:** O tribunal estará composto por membros responsables da empresa editora. Éste poderá declarar deserto o premio e en todo caso o fallo será inapelable.

A decisión do xurado farase pública en *O Sil*, así como na súa páxina web, á parte da correspondente notificación ó ganador do concurso.

**8.- PROPIEDAD DA OBRA:** O ou os autores ganadores do concurso deberán ceder todos os dereitos á empresa editora Garherve S.L., sen dereito a percepción compensatoria algunha, salvo o premio que se outorga ó concurso.

Os participantes disporán de 30 días para reclamar a súa obra, excepto o logotipo ganador. Transcurrido dito prazo entenderase que os autores renuncian ós seus traballos, podendo Garherve S.L. dispor libremente dos mesmos sen recoñecer dereitos de reclamación ou indemnización.

**9.- ACEPTACIÓN DAS BASES:** A participación no Concurso supón a aceptación das presentes bases na súa totalidade e a conformidade coa decisión do xurado. As decisións non poderán ser obxecto de impugnación e o xurado estará facultado para resolver calquera situación non prevista nas bases na forma que considere oportuno.

O Barco, 13 de marzo de 2008

**Xornal O Sil**

Conde Fenosa 11, 2º / 32300 / O Barco de Valdeorras (Ourense) / [www.osil.info](http://www.osil.info) / [redaccion@osil.info](mailto:redaccion@osil.info)



<http://www.osil.info>



<http://www.pazodocastro.com>

